



Xulia Marqués, onte no salón de actos da Deputación, e público asistente á conferencia. SEBAS SENANDE



«A resposta a ‘E ti, de quen vés sendo?’ identifica máis có nome do Rexistro Civil»

► Xulia Marqués achegoulle unha perspectiva etnográfica ao ‘Sistema antroponímico galego’ no relatorio da Xornada de Literatura de Tradición Oral que ofreceu onte en Lugo

► Participaron Antonio Reigosa, Isidro Novo, Gonzalo Navaza, Rosario Soto e Xesús Antón

MARTA VEIGA

mveiga@elprogreso.es

LUGO. A Xulia Marqués, se lle preguntan: «E ti, de quen vés sendo», dirache: «Xulia vén sendo da casa do Roxo de Pacios, lugar da Ría de Abres no concello de Trabada». Xulia queda para o eido laboral, oficial e profesional. Esta lingüista foi unha das relatoras que participou onte na Xornada de Literatura de Tradición Oral que se celebrou en Lugo e que abordou as «palabras de memoria».

As respostas a eses ‘quen vés sendo’ tan habituais desta banda do telón de gregos a cotío adoitan resultar máis «identificativas» que

as que se tiran do Rexistro Civil.

Xulia Marqués achegouse ao sistema antroponímico, aos nomes e apelidos das persoas. Iso inclúe, explicou a relatora, profesora de Lingua Galega no CPI de Vedra, percorrer aspectos como os alcumes das persoas, os nomes das casas ou os hipocorísticos: «As formas familiares dos nomes ‘oficiais’, as Carnes que nas casas son Mucha, Carmucha ou Carmela», exemplifica.

Sostén Xulia Marqués que no mundo da tradición oral, os personaxes rara vez teñen apelido. «Os seus protagonistas son xeralmente anónimos, todo o máis

foron bautizados con nomes xenéricos como Xan, Pedro, Marica ou Sabela. Pero o que si é verdade é que aparecen comunmente hipocorísticos, Xancino, Xanocas e Xanoquiño; Peruxo e Periquiño, nos dous primeiros casos; Farruco, Míngos, Marica e Mariquiña son, así mesmo, formas propias deste ámbito».

As antoloxías de contos populares, os traballos etnográficos de Eduardo Lence Santar, primeiro cronista oficial de Mondoñedo, ou os recollidos na ‘Cultura espiritual’ de Vicente Risco, amais de exemplos tirados de ‘Xente de aquí e de acolá’ e de ‘Escola de menciñeiros’ de Álvaro Cunheiro ou estatísticas onomásticas da Mariña Oriental son algunhas das fontes documentais empregadas por Marqués para o seu relatorio de onte. «Cústame sesgar en función do público a quen vaia dirixido».

Asemade, Xulia Marqués engade que outras fontes que lles resultan de grande utilidade aos investigadores da antroponimia

son as guías de teléfonos cos nomes das casas que editan algúns concellos e as esquelas dos xornais. «O mundo arredor dos enterramentos, esquelas, propiedade dos nichos, adoita dar bastante información, pero tamén os nomes dos comercios, bares, barcos, camiións, o que Ferro Ruibal denomina onomástica perecedeira».

Explica Marqués que na recuperación da onomástica galega nas últimas décadas do século XX tivo unha repercusión importante o volume ‘400 nomes galegos’ do padre Seixas de 1977. «Foi editado polo Banco Pastor, polo que era accesible en moitísimas casas». Con esta publicación chegaron aos rexistros as primeiras Irias, Antías e Saínzas e os primeiros Brais, Rois ou Antóns.

Máis adiante, en 1992, publicárase o ‘Diccionario de nomes galegos’ de Xesús Ferro Ruibal, editado por Ir Indo. A estatística refrenda o que observa Xulia Marqués como profesora e, desde os estertores do século XX e xa no XXI, devagariño, os nomes galegos ou as formas galeguizadas son máis frecuentes, independentemente de que o galego sexa a lingua familiar.

A canda Xulia Marqués participaron onte na Xornada de Literatura Oral que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega Antonio Reigosa e Isidro Novo, Gonzalo Navaza, Rosario Soto e Xesús Antón.

E ademais

«Nomes das casas e alcumes son un exemplo de resistencia á castelanzación»

Nesa resposta a «de quen vés sendo?», Xulia Marqués explica que se converteu en Xulia de adulta. «Ao rematar os estudos universitarios, plenamente consciente e militante en favor da causa. Agora xa, finados meus pais, que seguían fieis a aquel primeiro nome, Julia, son para todos Xulia e para os me queren, Xuliña».

Esta licenciada en Filoloxía Románica e Galega e doutora cunha tese sobre a toponimia de Trabada considera que a escolla do nome é algo que nos retrata e nos condiciona individual e colectivamente: «Os nomes reflicten os cambios culturais en cada época. Pero tamén nos retratan as mudanzas cando procedemos á restituir o nome en galego ou unha forma correcta para un apelido deturpado. [...] O patrimonio onomástico desempeña un papel esencial na conformación pero tamén na afirmación da identidade dun pobo».

Unha das mudanzas que Xulia Marqués aprecia ten que ver coa perda onomástica que supón o despoboamento rural. «Na Galicia rural a xente noméase e é nomeada case exclusivamente polo nome da súa casa, pode acontecer que os veciños non coñezan apelidos nin nome dun do lugar ou a parroquia do lado».

Engade Marqués, que no caso das zonas periurbanas e urbanas «este tipo de denominación non estaba asentada e, ademais, ao seren ámbitos castelanzantes, non se dan os outros elementos que determinaban a existencia do oicónimo [nado segundo as propiedades naturais do lugar], como eran o ámbito rural, a condición de galegofalante ou o uso oral». E conclúe: «Tanto os nomes das casas como os alcumes son exemplos de resistencia á castelanzación da onomástica persoal».